

# **BANDO**

MARTA GIRALDEZ BARRAL  
ALCALDESA CONCELLO DE MEIS

FAGO SABER

Que a Consellería de Política Social convoca a **axuda económica, a través da “Tarxeta benvida”, para as familias con fillas e fillos nados, adoptados/as ou declarados en situación de garda con fins adoptivos no ano 2020.**

PERSOAS BENEFICIARIAS E REQUISITOS:

- Ter fillos ou fillas ou fillos nados/as entre o 1 de Xaneiro e o 31 de Decembro de 2020.
- Ter constituída a adopción ou ser declarado/a en situación de garda con fins adoptivos dun ou máis nenos/as entre o 1 de Xaneiro e o 31 de Decembro de 2020.
- Galegos e galegas e os seus descendentes que se atopen en calquera dos dous supostos anteriores e, tendo residido fóra de España, retornen a Galicia durante o ano 2020 e deberán estar en posesión da nacionalidade española antes do dito retorno.
- Igualmente poderán beneficiarse ds contías previstas no artigo 4.2 aquelas familias que obtivesen a axuda de carácter xeral de 1200 € , ou non accedesen a ela por superar os ingresos previstos, nas respectivas convocatorias do ano 2018 e 2019 e experimentasen unha variación á baixa da renda da unidade familiar que implique ter dereito a elas.
- Que a renda non supere os 45.000 €. No suposto de que esta contía fose superior, a renda per cápita non deberá superar os 13.500 €.
- Que a renda da unidade familiar non supere os 22.000 €, para ter dereito á contía da axuda prevista no artigo 4.2.
- **Excepcionalmente**, a axuda poderá percibirse ata un ano máis sempre que a unidade familiar este técnicaamente valorada en situación de especial vulnerabilidade, teñan un recurso do sistema público de protección social pendente de resolución e así o soliciten dentro dos dous meses anteriores á data na que o neno ou nena faga os tres anos. (art.4.4)

**O prazo** : 2 meses contados partir do día seguinte ó nacemento do neno/a ou se dita a resolución administrativa ou xudicial para os supostos de garda con fins adoptivos e de adopción.

**No suposto de que a persoa solicitante sexa emigrante retornada a Galicia** en 2020 e sempre que o fillo ou filla nacera con anterioridade ao seu regreso, o prazo será de **3 meses**, que se contarán a partir do día seguinte a aquel que conste na documentación fidedignamente e data de retorno a España.

**Opcionalmente** , poderá presentarse a solicitude durante o período de xestación estando en todo caso, a súa concesión supeditada ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 3.

Para solicitar a axuda acudirán ós **SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS** os **Luns** ou **Xoves** xunto coa **educadora familiar**, e provisto do libro de familia e volante de empadronamento de toda a unidade familiar.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**





CONCELLO  
DE  
MEIS

---

Avda. Cambados, 67 - O Mosteiro, Meis, 36637 (Pontevedra) CIF: P36028001 Tfno: 986 712 001 Fax: 986 715 300

[www.meis.gal](http://www.meis.gal)

[correo@meis.gal](mailto:correo@meis.gal)

